



unicef

unicef.es/educa

A SALVO NA ESCOLA

Aprender en
contornas protectoras

GUÍA DO CURSO 2018-2019

#EndViolence


Educación en Dereitos de Infancia e Cidadanía Global. Actividades e recursos

Datas clave: Contamos contigo!

20 DE NOVIEMBRE

Día da infancia


Chega o día grande da nosa campaña de paz! Temos a nosa vacina de paz e é hora de distribuila na nosa contorna para que todos poidamos estar libres de violencia. Pero lembra: esta vacina non se toma, pénsase!



30 DE XANEIRO

Día escolar da non-violencia e da paz

Segunda ondata de vacinacións pola paz! Aproveita este día para que a vosa vacina de paz chegue a todas as partes e que o maior número de persoas posible poida recibila. Ademais é un bo momento para facer unha reflexión importante: como construímos un centro educativo libre de violencia nun marco de dereitos de infancia?



22 DE MARZO

Día da auga



Celebra o Día da Auga organizando unha carreira Gotas para Nixer. Cada gota conta e o esforzo de miles de corredores en centros educativos de todo tipo amósao cada ano. Corre por Nixer!

Descubre máis días mundiais que podes incorporar ao teu calendario escolar en www.unicef.es/gal/educa/dias-mundiais

OBJETIVO DE
DESENVOLVEMENTO
SOSTÍBEL Nº 16

Queremos promover sociedades pacíficas, xustas e inclusivas; libres de medo e violencia. Únete!

3 Metas nas que a educación ten un papel importante:



Sociedades
pacíficas



Sociedades
xustas



Sociedades
inclusivas

Estratexias transformadoras que podemos aplicar ao noso labor educativo:



Prevención

Enfoque educativo na prevención para desenvolver o pleno potencial do alumnado como cidadanía de sociedades democráticas e non violentas.



Renovación

Transformar os centros educativos para que poidan cumprir coas aspiracións dun futuro máis próspero, inclusivo e sostíbel.



Compromiso

Incluír e capacitar á comunidade escolar de xeito que poidan desenvolver plenamente o seu potencial de participación e colaboración para un futuro mellor.


16 PAZ, XUSTIZA
E INSTITUCIÓNS
SÓLIDAS



Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel inclúen un obxectivo específico para o logro de sociedades xustas, pacíficas e inclusivas. Neste obxectivo, o papel da educación é clave, e fai visible a desigualdade, a violencia, a inxustiza e a exclusión e promove o desenvolvemento de competencias de cidadanía global baseadas no diálogo, a non-violencia, a universalidade dos dereitos e a igualdade. Descubre máis en www.unicef.es/gal/educa/blog/ODS-16-sociedades-xustas-pacificas-inclusivas

A EDUCACIÓN FRONTE A CALQUERA FORMA DE VIOLENCIA

A violencia é moi parecida a un virus: permanece entre nós invisible ata que, de súpeto, estala causando danos que ás veces non se poden reparar. A violencia é irracional, o seu obxectivo é destruír e ten a capacidade de mutar cando cremos que a controlamos, igual que moitos virus. Do mesmo xeito que cunha infección viral, é mellor previla que curala. **A vacina da violencia é o noso propio coñecemento e reflexión sobre ela**, a nosa capacidade para detectala en nós e na nosa contorna e para saber solucionar os conflitos de xeito pacífico e non violenta.



Esta guía céntrase na prevención como forma de protección fronte á violencia. Creemos que é necesario vacinar a toda a sociedade, lograr que cada persoa reflexione, que sexa capaz de ver a violencia que nos rodea e que afecta a miles de nenos e nenas cada día, moitos nas nosas aulas e nos nosos barrios.

Desde 2013, UNICEF traballa nunha campaña mundial para poñer fin á violencia contra a infancia. A través de #EndViolence coordínanse accións de sensibilización, incidencia, intervención e formación para lograr que un maior número de persoas, incluídos os propios

nenos, nenas e adolescentes, sexan conscientes do dano que produce a violencia nas vidas, a saúde e a educación da infancia. Máis de 90 países uníronse xa a esta campaña, na que a educación ten un papel clave.

Unha educación libre de violencia é un requisito incuestionable nunha sociedade democrática: as aulas non poden ser lugares onde o alumnado se sinta inseguro, os contidos didácticos teñen que estar libres de ideas que apoién ou xustifiquen a violencia, os centros educativos non deben ser obxectivo de ataques e a convivencia escolar non debe ser fonte de estrés, angustia ou inquedanza para o alumnado, o profesorado e as familias.

Todas estas cousas deben estar fóra dos centros educativos e é necesario que o recoñezamos e promovamos. Non obstante, se queremos impulsar unha educación en dereitos de infancia, debemos esforzarnos en ir máis alá. Non é posible unha escola libre de violencia nunha cultura violenta e para lograr unha sociedade respectuosa da paz e da convivencia, a educación é clave. **A educación pode ser a vacina contra a violencia que todos agardamos.**

Oxalá acabar coa violencia fose tan sinxelo como poñer unha vacina que nos inmunizara contra ela para sempre. **A vacina que propoñemos non é unha vacina que se toma, senón que se pensa** e permítenos atopar no noso interior o camiño da non-violencia. Porque non hai unha fórmula única e universal para construír a paz, senón que son os conflitos aos que nos enfrontamos cada día os que poñen a proba a nosa capacidade para educar, aprender e vivir en paz.



"Non hai camiño para a paz, a paz é o camiño." (M. Gandhi)

EDUCACIÓN INFANTIL

Os primeiros anos da vida son fundamentais para entender emocións como a ira, o medo ou a impaciencia e aprender a xestionalas. Isto é educativamente moi relevante se entendemos que, ás veces, a violencia parte da nosa propia frustración para entender as nosas emocións, as doutras persoas e da incapacidade para establecer unhas relacións cordiais cos demais. A boa noticia é que estas competencias poden educarse desde moi temperán na vida, e permiten aos máis pequenos regular as súas emocións e convivir de maneira pacífica. Axudémoslles a dar os seus primeiros pasos na paz!

IDEAS PARA DESENVOLVER

- Todos temos dereito a vivir tranquilos e en paz.
- A violencia non é un modo válido de conseguir as cousas.
- Temos que tratar a outros como nos gusta que nos traten a nós e pedir que nos traten con respecto.
- Cando non podemos solucionar un problema ou se nos sentimos mal, podemos pedir axuda.
- Pódese confiar nos bos amigos.
- A paz está no noso interior.

CONCEPTOS CLAVE

- Convivencia
- Coidado
- Paz
- Respecto
- Amizade
- Confianza
- Empatía
- Autoconfianza
- Protección
- Semellanzas e diferenzas
- Autocontrol

Aprendizaxes para toda a vida

Aínda ao seren moi novos para entender a violencia e profundar nas súas causas e consecuencias, os nenos e as nenas menores de 6 anos poden estar expostos a ela ou manifestala na súa relación con outros. A esta idade é moi importante sentar as bases dalgunhas habilidades sociais e do recoñecemento e expresión de emocións básicas, para evitar sentimentos de frustración, arranques de ira ou respostas de pasividade fronte ao dano.



© UNICEF/UN040214



COÑECEMENTOS

- Conciencia das propias necesidades, conciencia de si
- Emocións relacionadas coa paz: alegría, amor, tranquilidade.
- Emocións relacionadas coa violencia: ira, medo, sufrimento.



ACTITUDES

- Interese por contribuír a unha contorna pacífica.
- Preocupación polos sentimentos dos demais, desenvolvemento de empatía.
- Respetto polos demais.



COMPETENCIAS

- Habilidades básicas de convivencia.
- Capacidade para expresar a propia frustración sen recorrer á violencia.
- Disposición a pedir axuda en caso de conflito.
- Habilidade para relacionarse de maneira non violenta.



ACTIVIDADE PARA A AULA

Había unha vez un punto chamado *Punto*...



A historia de “Punto” é un **conto animado sobre a diversidade**: un pequeno estudante síntese só, insignificante e distinto aos seus compañeiros da aula, as letras. Xuntos farán un importante descubrimento. Podes ver o vídeo e descargar a unidade didáctica da historia de “Punto” en www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/historia-de-punto-video-actividade-infantil



BEROOUND

#EndViolence

Únete á campaña mundial de UNICEF para poñer fin á violencia. Celebra o Día da Infancia no teu centro educativo cunha vacina pola paz e o bo trato. Descubre como nas páxinas 10 e 11.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Educar a nenos e nenas para que saiban identificar a violencia, protexerse dela e evitala no seu comportamento, axudaraos a medrar seguros e conscientes da importancia de protexer a paz. En Educación Primaria podemos empezar a facer algunhas reflexións sobre que é a violencia, de onde vén e cal é o noso papel para previla e atallala. Nesta etapa educativa é cando podemos axudar ao noso alumnado a diferenciar entre conflito e violencia e entre ira e agresión. A nosa guía será fundamental!

IDEAS PARA DESENVOLVER

- O conflito non é intrinsecamente malo, é normal que nas relacións haxa conflitos e problemas.
- A ira é unha emoción válida, todos a sentimos ás veces, pero non é necesario que conduza á agresión.
- A violencia non é normal nin inevitable, podemos decidir outras solucións.
- Para solucionar os problemas de maneira pacífica debemos coñecernos ben, escoitar e evitar malentendidos.
- Se todos nos esforzamos en solucionar os conflitos de maneira non violenta, poderemos construír a paz.
- Vivir en paz e protexidos de todo tipo de violencia é un dereito de todos os nenos, nenas e adolescentes.
- A paz non é un obxectivo: é unha forma de facer as cousas.

CONCEPTOS CLAVE

- Conflito vs. violencia
- Ira vs. agresión
- Paz e non-violencia
- Escoita activa
- Malentendidos
- Percepcións
- Cooperación
- Resolución de problemas



© UNICEF/UN0146051/Markisz



COÑECEMENTOS

- Comprender a natureza do conflito e cando pode converterse en violencia.
- Capacidade para identificar causas de conflito e os medios non violentos de resolución.
- O traballo en equipo para construír a paz e resolver conflitos.
- Comprensión de dereitos e responsabilidades.
- Recoñecemento de estereotipos e prexuízos.
- A importancia de vivir nunha contorna de paz e o dano que produce a violencia.
- As guerras: causas, desenvolvemento e consecuencias.
- Os conflitos na nosa contorna próxima: semellanzas e diferenzas coas guerras.



ACTITUDES

- Autorespecto, autoimaxe positiva, autoconceito forte.
- Tolerancia, aceptación dos demais, respecto polas diferenzas.
- Respecto dos dereitos e responsabilidades doutros.
- Equidade de xénero.
- Empatía.
- Solidariedade.
- Motivación por participar en procesos de resolución pacífica de conflitos.
- Tolerancia cara as manifestacións emocionais doutros, aínda que non nos identifiquemos con elas.
- Respecto e empatía cara as vítimas da violencia, aínda que non compartamos as súas circunstancias nin as súas opinións.
- Disposición a utilizar as canles e procedementos ao noso alcance para protexer a vítimas da violencia.



COMPETENCIAS

- Comunicación: escoita activa, autoexpresión, parafraseo, reenfoque.
- Asertividade.
- Capacidade de cooperar e de traballar en equipo para solucionar conflitos.
- Progresivo avance para lidar coas emocións propias e alleas.
- Solución de problemas.
- Capacidade de xerar solucións alternativas.
- Habilidades de resolución de conflitos.
- Capacidade para mediar nos conflitos doutras persoas.
- Autorregulación, control emocional nos conflitos que nos afectan.
- Capacidade para distinguir entre conflito e violencia.
- Mobilización polo dereito á protección doutros nenos e nenas.

#EndViolence

Únete á campaña mundial de UNICEF para poñer fin á violencia. Celebra o Día da Infancia no teu centro educativo cunha vacina pola paz e o bo trato. Descubre como nas páxinas 10 e 11.

ACTIVIDADE PARA A AULA

A escola como lugar de paz



Proponémosche reflexionar na aula sobre a responsabilidade que todos temos de superar as nosas diferenzas e lograr que a aula e o centro educativo sexan contornas de non-violencia. Para iso presentámosche "Soños", un **vídeo de debuxos animados** que enfatiza que sermos diferentes uns dos outros non só non é malo, senón que é moi bo. Que cousas nos diferencian e cales temos en común? Que cousas positivas podemos conseguir se unimos forzas? Podes acceder ao vídeo e á actividade didáctica en: www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/escola-de-paz-actividade-educacion-primaria



BEROOUND

EDUCACIÓN SECUNDARIA

Durante a adolescencia, un momento de profundos cambios emocionais e cognitivos, poñen a proba as competencias para a convivencia adquiridas anteriormente. Ademais, é un momento clave para desenvolver competencias éticas baseadas en principios universais e a propia conciencia moral. Características desta etapa de desenvolvemento, como a impulsividade ou a tendencia a cuestionar normas, poden facernos crer que vai ser difícil educar para a convivencia, pero nunca antes o noso alumnado foi tan capaz como agora de establecer xuízos baseados nunha reflexión ética e no seu propio criterio. Aproveitémolo!

IDEAS PARA DESENVOLVER

- A violencia non é inevitable: podemos previla, rexeitala e evitala.
- A non-violencia require dun compromiso e dun esforzo permanente a nivel individual, grupal, comunitario e social.
- Vivimos nunha cultura de violencia, aprender a recoñecelo é o primeiro paso para cambialo.
- Pódese aprender a solucionar os problemas de forma non violenta.
- Xestionar un conflito non é o mesmo que solucionalo.
- Todas as persoas teñen dereito a estar libres de violencia e vivir en paz.
- Ter o dereito a vivir en paz fainos tamén responsables de construír unha contorna de paz.
- Non pode haber paz onde hai prexuízos e discriminación.



© UNICEF/UN50362

CONCEPTOS CLAVE

- Inclusión e exclusión
- Honestidade emocional
- Estereotipos e prexuízos
- Asertividade
- Mediación
- Reconciliación
- Aumento da violencia
- Cultura de paz
- Poder

Competencias para unha comprensión global do problema

En secundaria podemos completar o ciclo de aprendizaxe: desde o coñecemento dos fenómenos relacionados coa violencia, a paz e a resolución de conflitos ata a avaliación da nosa propia conduta, pasando pola comprensión dos problemas, a aplicación de solucións, en análise de situacións ou a síntese e internalización de valores. Nesta etapa non se trata só de ensinar máis cousas ou máis complexas, senón de pechar o círculo da aprendizaxe para que sexa significativa e permita ao noso alumnado seguir a aprender durante toda a súa vida.



COÑECEMENTOS

- Análise de conflitos.
- Procesos de mediación.
- Comprender a interdependencia entre individuos e sociedades.
- Identificación das dinámicas dun conflito.
- Implicacións sociais da violencia e impacto sobre a cultura.
- Vítimas, vitimarios e vitimización.
- Cultura de paz e ideoloxías que xustifican a violencia.
- O papel da democracia e a participación cidadá na protección da paz.
- Recuperación e reconstrución: posibilidades e límites.



ACTITUDES

- Reconciliación.
- Responsabilidade social.
- Sentido de xustiza e igualdade.
- Visión crítica dos estereotipos.
- Interese por profundar no coñecemento dos conflitos, evitar posicionamentos de tipo "branco ou negro"..
- Disposición a reflexionar sobre os propios estereotipos e prexuízos.
- Visión crítica fronte ás mensaxes dos medios de comunicación e as súas representacións ou explicacións da violencia ou o conflito.




COMPETENCIAS

- Pensamento crítico.
- Capacidade para actuar independentemente dos estereotipos e prexuízos imperantes.
- Resolución construtiva de conflitos.
- Prevención de conflitos.
- Participación na sociedade en nome da paz.
- Capacidade de vivir co cambio.
- Capacidade de aplicar estratexias eficaces de resolución de conflitos en liortas alleas ou en situacións que nos afectan persoalmente.
- Liderado na construción de contornas de paz.
- Organización de grupos de apoio entre iguais.

#EndViolence

Únete á campaña mundial de UNICEF para poñer fin á violencia. Celebra o Día da Infancia no teu centro educativo cunha vacina pola paz e o bo trato. Descubre como nas páxinas 10 e 11.



BEROOUND

ACTIVIDADE PARA A AULA


"Eu son eu"



A busca e autoafirmación da propia identidade é unha das principais preocupacións dos rapaces e das rapazas adolescentes. Non obstante, neste proceso, poden verse tentados a usar estereotipos ou prexuízos para ter unha visión máis clara de si mesmos e da súa contorna. Estes estereotipos, incluso os positivos, poden seren alienantes, alimentar a intolerancia e enrarecer o clima escolar. Este vídeo e a actividade para a aula que o acompaña lanzan un importante reto: atrevemos e quitar as máscaras ao relacionarnos cos demais. Podes acceder ao vídeo e á actividade didáctica en: www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/eu-son-eu-actividade-educacion-secundaria



A VACINA DO BO TRATO



A violencia, coma os virus, só produce vítimas: todos saímos perdendo cando estala. Ademais, igual que pasa coas epidemias, é mellor previr que curar. Este curso propoñémosvos unha mobilización escolar na que elaboraremos entre todos unha vacina de paz e bo trato coa que intentaremos protexer a toda a nosa contorna o 20 de novembro, Día da Infancia. Atención que esta é unha vacina moi especial: é unha vacina que non se toma, pénsase. Descúbrea!

PASO 1. Dádelle forma ao voso violentovirus

O violentovirus non é un virus calquera: aliméntase dos nosos medos, así que podemos darlle a forma que mellor reflicta o que nos preocupa. En www.unicef.es/gal/educa/botrato tedes un PDF con exemplos de formas para o voso monstruoso virus. Podedes deixar voar a vosa imaxinación e engadirlle elementos que non soen ter os virus: cornos, escamas, garras, ollos feroces... por que non? Tamén podedes incluír fotos, debuxos, recortes de prensa ou palabras que reflictan aquelas formas de violencia que queredes eliminar da vosa contorna. Un virus feroz contra o que merece a pena traballar en equipo!

PASO 2. Poñédelle nome

Nin Paco, nin Mercedes, nin Xervasio: o nome ten que ser terrorífico. Cada persoa e cada grupo é máis vulnerable a un tipo de violentovirus. Hai xente que non consegue expresar a súa opinión? Quizais haxa unha epidemia de *Silenciator terribilis*. Hai grupos que se senten excluídos? Quizais sexa un brote de *Discrimina excluyentis*. As redes sociais convertéronse nun lugar desagradable? Pode ser un ataque de *Abusator digit*. Non é necesario que sigades a nomenclatura científica dos virus: o importante é que encontredes as palabras que mellor describan aquilo que queredes que desapareza.

PASO 3. Illade o virus

"Illade" o voso violentovirus nun mural, que ocupe o centro. Este mural será a vosa placa de Petri para elaborar a vacina engadíndolle compoñentes. Lembrade: para que a vacina sexa efectiva, o violentovirus non pode desaparecer: debe quedar rodeado de cousas boas e debilitado por elas, así, quen reciba a vacina poderá recoñecelo e pensar sobre el.





www.unicef.es/gal/educa/botrato

PASO 4. Diseñade os compoñentes da vacina

Individualmente ou por grupos, imos preparando as fichas que describen os compoñentes necesarios para facer fronte ao voso violentovirus. Describimos en cada ficha o compoñente (por exemplo: "respecto", "amizade" ou "escoitar"), os seus principios activos, a posoloxía e recomendacións de uso. Pegade todas as fichas no mural, e rodeade o violentovirus para debilitalo.



BANG

PASO 5.

Temos a vacina!

No mural xa está a vacina, lista para fabricarse e distribuírse. É o momento de poñerlle un nome e de que establezades entre todos 5 compromisos de non violencia para o grupo e 3 peticións aos responsables de protexer os dereitos da infancia (pode ser á dirección do centro, ao concello, aos medios, ao goberno...).

PASO 6. O voso manifesto pola non-violencia

Descargade o voso manifesto personalizado cos compromisos e peticións que acordastes e asinádeo todos para darlle validez. Podedes colocar o manifesto nun lugar visible da aula para lembralo e cumprilo durante todo o curso. Tamén podedes presentarllo ás persoas ou institucións ás que lles fixestes peticións, como forma de defender o dereito á protección fronte á violencia de toda a infancia.

PASO 7. Iniciamos a campaña de vacinación

O 20 de novembro, Día da Infancia é un bo día para vacinar pola paz! Xunto co manifesto tedes as tiriñas personalizadas co nome da vosa vacina que poderedes repartir entre todas as persoas que vacinades na vosa campaña. Lembraide que esta non é unha vacina que se toma, senón que se pensa: o máis importante da campaña é explicar aos que a reciben cal é o noso violentovirus e que fórmula de paz deseñamos para facelo desaparecer.

PASO 8. Que todo o mundo coñeza a vosa vacina!


Comunicade a vosa vacina a toda a comunidade educativa: podedes facer difusión na radio do centro, no voso blog e nas redes sociais ou publicalo en www.unicef.es/educa/blog. Tamén podedes contactar cos medios do voso municipio! Descubre como facelo en www.unicef.es/gal/educa/blog/divulga-a-tua-actividade

CONTORNAS PROTECTORAS E PERSOAS CONSCIENTES: CONSTRUÍR CULTURA DE PAZ

A comunidade educativa ten un importante reto: visibilizar que as distintas manifestacións da violencia son un problema que impide que a escola sexa a contorna protectora que desexamos, un lugar onde todos os seus membros fagan real o dereito á educación e acaden o maior dos seus potenciais. Só se facemos visible a violencia teremos a capacidade de actuar.

Debemos aproximarnos á violencia considerando tres aspectos clave: a vulneración de dereitos que sofren as vítimas, o dano psicolóxico co que cargarán e a configuración das relacións e o abuso de poder que a desencadean. A prevención da violencia pasará pola promoción de vínculos afectivos seguros e sans onde o afecto estea unido á ética do coidado e ao recoñecemento do outro como suxeito de dereitos. (Horno, P.; Ferreres, A. (2017) *Los municipios ante la violencia entre niños, niñas y adolescentes*, UNICEF Comité Español)

É necesario elevar o noso nivel de atención e consciencia para detectar as actitudes, as condutas e os contravalores que fan prevalecer a violencia e contrarrestalos con medidas educativas. Dous exemplos serían a intolerancia e a violencia nos medios.



Detectar os síntomas da intolerancia na nosa contorna

Se prestamos atención a estas condutas no centro educativo, poderemos atallar situacións de bullying antes de que se convertan nun problema. A clave da prevención é observar a contorna para poder actuar:

- A maneira de falar: a linguaxe denigrante, despectiva ou excluínte cara outros é un indicador clave. Non debe estar permitido desvalorizar, degradar ou deshumanizar a outros grupos dentro do centro educativo (as rapazas, a comunidade xitana, a comunidade inmigrante, o colectivo LGBTI, os cativos e as cativas ...)
- O uso de estereotipos despectivos cara outros grupos e os prexuízos.
- As burlas e as bromas de mal gusto.
- A acusación a vítimas propiciatorias ou "cabezas de turco".
- A discriminación nas actividades e os xogos.
- O ostracismo ou "facer o baleiro".
- A mofa ou a intimidación
- A profanación de símbolos e a ridiculización das crenzas relixiosas.
- A expulsión do grupo, a exclusión e a segregación.

Baseado en: Reardon, B.A., *La tolerancia: umbral de la paz*. Santillana e UNESCO, 1999




Efectos da violencia nos medios

O efecto da violencia nos medios sobre a infancia é un tema controvertido sobre o que non hai unha resposta única e clara. Non obstante, si existen evidencias sobre os principais efectos emocionais, cognitivos e de conduta da exposición habitual na infancia a representacións da violencia:

Desensibilización: é un efecto emocional cuxa función é adaptativa. Canto máis nos expoñemos á violencia, menos nos afecta emocionalmente e al térase a nosa capacidade de regular as emocións en función da gravidade da violencia que percibimos.

Efecto do cultivo: é unha consecuencia cognitiva. Cando os medios se centran en expoñer a violencia poden dar a sensación errónea de que o mundo é un lugar moi inseguro e cheo de perigos, e fomenta medo e inseguridades nos máis pequenos e tendencias sobreprotectoras nos adultos.

Modelado: é un efecto das condutas xa que as persoas temos a capacidade de aprender condutas por observación de modelos, sexan reais ou de ficción. No modelado inflúen algunhas variables da situación, polo que nos contidos violentos que consumen nenos, nenas e adolescentes hai que prestar especial atención a algunhas claves narrativas. Decúbreas en www.unicef.es/gal/educa/blog/contidos-violencia



Adaptado de Iborra, I. en Cómo informar sobre infancia y violencia. Centro Reina Sofía, 2007

Atención!: violencias invisibles

A imaxe tradicional que temos da violencia é a violencia física, visible e cruenta. É o tipo de violencia que asociamos ás pelexas, aos homicidios, ás guerras ou aos malos tratos. Non obstante, ás veces, as raíces destas agresións están en formas de vio-

lencia invisibles, culturais e aceptadas socialmente que son o caldo de cultivo para estoupidos de violencia física. Un exemplo, cada vez máis recoñecido pola sociedade, é o da violencia de xénero, que está culturalmente ligada á discriminación contra



a muller. Se non educamos ás mozas e mozos nunha igualdade real, na crenza de que non existen diferenzas en canto as súas capacidades, actitudes, opcións, posibilidades e dereitos, calquera cal sexa o seu sexo, relixión, ideoloxía, cor de pel ou orientación, non lograremos frear as preocupantes cifras de dor e morte producidos polo sexismo, a xenofobia, a homofobia e outras formas de discriminación.

Poñerlle palabras á violencia axúdanos a identificala: Descubre no glosario termos relacionados coa violencia www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/glosario-paz-non-violencia

Reflexión: Estamos a educar nunha cultura de violencia?

Nas nosas sociedades rexeitamos formalmente a violencia pero existe unha contradición clara, xa que seguimos a ver a resposta violenta aos conflitos como algo natural, normal ou, polo menos, inevitable. No noso afrontamento da violencia non soemos enfocarnos na prevención senón no castigo que, aínda que estea xustificado, é en si mesmo unha forma de violencia. **Cando na educación existen contradicións entre os obxectivos e as prácticas educativas, o alumnado pode chegar a aprender cousas diferentes das que esperabamos.**

Sabemos identificar as distintas formas de violencia e agresión? Poderíamos poñer exemplos da nosa contorna próxima?

Como identificar as formas de violencia e agresión

Pola súa natureza:	☐ física	☐ verbal	☐ relacional
Polo seu obxectivo:	☐ hostil	☐ instrumental	
Pola súa causa:	☐ reactiva	☐ proactiva	
Pola súa planificación:	☐ impulsiva	☐ premeditada	
Polos seus efectos:	☐ directa	☐ indirecta	
Polo seu modo de acción:	☐ activa	☐ pasiva	
Pola súa visibilidade:	☐ aberta	☐ encuberta	
Polos seus motivos:	☐ lexítima	☐ ilexítima	
Polos seus efectos no tempo:	☐ inmediata	☐ diferida	
Polo seu desencadeante:	☐ persoa	☐ situación	
Pola extensión do dano:	☐ enfocada	☐ colateral	

CARA UN CENTRO EDUCATIVO LIBRE DE VIOLENCIA: O MARCO DE DEREITOS DA INFANCIA

A Convención sobre os Dereitos do Neno recoñece que todos os nenos, nenas e adolescentes teñen dereito a estar libres de calquera forma de violencia. Este dereito supón unha serie de obrigas para os adultos no seu trato diario coa infancia e tamén unha responsabilidade para os propios nenos e nenas. Educar nesta responsabilidade é un requisito da Educación en Dereitos de Infancia e Cidadanía Global e, para os centros educativos, supón unha dobre tarefa: por un lado, a obriga legal de que as

escolas sexan lugares libres de violencia e riscos para a infancia, por outro, a responsabilidade educativa de promover didácticas e modelos de convivencia que fomenten a paz.

Como afrontamos este reto desde o centro educativo? Proponémosche unha suxestión de análise que abarca catro aspectos clave e tres grados de xeneralidade: desde o máis concreto ao máis estratéxico.

ÁREA DE INTERVENCIÓN

Individual. Asume que son necesarios cambios nas actitudes, condutas e competencias de cada persoa para lograr a paz.

Comunitaria. Propón a participación de toda a comunidade educativa para favorecer unha contorna de convivencia que permita o desenvolvemento de cada persoa.

Social. Asume que as transformacións estruturais e a contorna son tan necesarias como as dimensións individual e comunitaria da paz.

ÁMBITO

Aula. Enfatiza aprendizaxes como as competencias para a resolución de conflitos, a educación en valores ou o traballo en equipo.

PEC. Considera que o traballo na aula é necesario pero non suficiente para lograr unha educación integral na non-violencia. Os elementos de organización escolar e o compromiso de toda a comunidade educativa son imprescindibles para logralo.

Política educativa. Enfatiza a equidade na educación en termos de acceso, calidade, redistribución de recursos, resultados ou métodos de ensino-aprendizaxe.

ENFOQUE

Curricular. Aborda os conflitos e guerras do pasado e os actuais dentro dos contidos educativos, e propón unha reflexión acerca das causas e as consecuencias.

Axiolóxico. Analiza os contravalores subxacentes ás condutas violentas para poder fomentar valores baseados no respecto dos dereitos humanos, a paz e a cidadanía global.

Crítico. Baséase nunha perspectiva de xustiza social para buscar equidade das partes en conflito na toma de decisións, para fomentar o recoñecemento de diferentes identidades e para reconciliar as distintas percepcións de inxustiza.

ESTRUTURA

Infraestrutural. Presta atención ás infraestruturas escolares: a súa seguridade, a súa adecuación aos distintos grupos, as garantías de acceso de todos os estudantes ...

Estrutural. O centro educativo é a base en que se apoian os desenvolvementos educativos que permiten construír unha convivencia pacífica dentro do centro e coa súa contorna comunitaria próxima.

Supra-estrutural. Presta atención ás estruturas sociais nas que se sitúa a escola.



A roda do malentendido: Páraa!

O malentendido é a base de moitos conflitos entre persoas, entre grupos e incluso entre países. Coñecer o ciclo de percepcións e condutas que se dá nun malentendido é necesario para poder evitalo ou frealo. Cando axudamos ao noso alumnado a desenvolver esta competencia, estámolle a dar unha poderosa ferramenta para comunicarse, negociar e mediar de maneira pacífica.

Como ensina un docente que educa para a paz?

- Mide o seu impacto como modelo de actuación (role model)
- Adquire e emprega técnicas apropiadas para promover relacións pacíficas e para solucionar conflitos
- Fomenta respostas creativas á solución de problemas
- Propón actividades cooperativas e motivadoras que fomentan os logros persoais e a iniciativa, en lugar de comportamentos agresivos e moi competitivos.
- Anima aos estudantes e ás súas familias a participar na adopción de decisións e na planificación dos programas
- Sérvese de recursos da comunidade para desenvolver programas de aprendizaxe e é sensible ás necesidades e percepcións da comunidade.
- Suscita a reflexión crítica e aprecia os puntos de vista diferentes, e ao mesmo tempo permanece vixilante respecto á súa propia posición sobre os asuntos controvertidos.
- Valora a diversidade cultural e proporciona oportunidades de entender e experimentar as diferenzas culturais.

Máis información: J.Buckland, A.Jones e Y.Duncan: *Peace education: the Aotearoa/New Zealand way*, Teaching Resource Centre, Auckland, College of Education, 1989



© UNICEF/UN0219181/Bell

Os niveis de solución de conflitos

Xestionar un conflito non é o mesmo que resolvelo, nin reaccionar fronte a el é o mesmo que anticipalo e poder prevelo proactivamente. Coñecer a xerarquía de métodos dispoñibles fronte a un conflito axúdanos a entender mellor por que algunhas solucións son máis rápidas e outras son máis duradeiras.



A FORZA	Solucionar un conflito pola forza é, en si mesmo, unha forma de violencia porque as opinións dunha das partes impóñense á outra. Estes métodos de resolución de conflitos están no nivel máis baixo de solución.	Dous grupos discuten polo uso dunha parte do patio de recreo e "gaña" o grupo máis forte ou de maior idade.
A SENTENZA	Nestes métodos é un terceiro fóra das dúas partes en conflito quen decide a resolución, ás veces baseándose nun sistema legal ou normativo.	Un profesor ou a directora do centro toman unha decisión, para o que usan o seu poder coercitivo e a súa capacidade de obrigar ás partes a cumprir.
A ARBITRAXE	Nos métodos de arbitraje ambas partes acordan elixir a alguén que arbitre entre elas e acatar a decisión tomada.	Os dous grupos deciden preguntar a súa opinión a alguén neutral e aceptan a súa decisión aínda que non estean conformes.
A NEGOCIACIÓN	As dúas partes participan na solución das súas diferenzas. Non obstante, a resolución a miúdo depende do poder real ou simbólico dunha das partes, que conta con vantaxe.	Os dous grupos póñense de acordo para votar e gaña o grupo máis numeroso.
A MEDIACIÓN	A mediación é unha negociación facilitada. Quen media o conflito non o xulga, só facilita a resolución conforme á vontade das partes.	Un grupo de alumnos mediadores guían aos dous grupos na súa negociación para que sexa xusta e equitativa, achegándolles técnicas e ideas.
A RESOLUCIÓN	A resolución consegue que as relacións cambien de maneira construtiva. Isto non significa que todas as emocións se resolveran, pero o problema, en si, resólvese.	A través da mediación anterior, os grupos en conflito crean unha serie de normas e pautas que seguirán en futuras ocasións.
A RECONCILIACIÓN	A reconciliación prodúcese cando se logra unha solución duradeira. Nela non hai signos de resentimento e que existe unha solución de "gañar / gañar", de modo que ambas partes se sintan optimistas respecto ao resultado	Os dous grupos chegan a entender a postura da outra parte e ofrécense a achegar máis vías de solución que as formalmente aceptadas.
A TRANSFORMACIÓN	É o nivel máis alto de participación mutua. A solución ao conflito parte dunha decisión consciente de ambas partes para construír relacións novas e mellores.	O conflito serviu para solucionar outros problemas de convivencia ou pode transferirse a outras situacións.


Na busca da solución real!

Para que as solucións a un problema funcionen e sexan duradeiras podemos guiarnos por estas características. **Toda solución debe ser:**

Realista **E**fectiva **A**ceptable **L**óxica

A paz é o equilibrio: eduquemos na asertividade

Como docentes temos que estar preparados para detectar aquelas condutas que nos alertan de dinámicas que poden desencadear violencia. Ás veces podemos confundir a agresividade con liderado ou independencia e a submisión con amabilidade ou disciplina, sen darnos conta que é no punto medio, a asertividade, onde a convivencia pacífica e respectuosa dos dereitos dos demais é posible



Guía rápida para mediadores: 6 pasos para a solución de problemas

1. Que queres conseguir? Ambas partes en conflito deberían poder dicir o que queren sen culpar ou acusar á outra parte.

2. Cal é o problema? Ambas as dúas partes teñen que chegar a un acordo sobre cal é exactamente o problema. Se están a discutir sobre cousas diferentes ou sobre diferentes aspectos dunha mesma cousa, será imposible que cheguen a un acordo.

3. Cantas solucións podemos encontrar? É necesario que ambas as dúas partes propoñan tantas solucións como poidan, para poder encontrar a mellor solución e non aferrarnos á primeira que xurda.

4. Pareceche ben esta solución? Ambas as dúas partes teñen que analizar as posibles solucións e descartar aquelas que sexan inaceptables para unha das dúas.

5. Cal sería a mellor solución? Tras analizar os pros e contras, as dúas partes acordan cal sería a mellor solución para ambas as dúas.

6. Solucionouse o problema? Despois dun tempo, verifícase que a solución adoptada está a funcionar realmente.

PREGUNTAS CLAVE

Os cinco conceptos clave da educación para o desenvolvemento pódennos axudar a fomentar reflexións que cambien o noso punto de vista sobre a non-violencia.

Xustiza social

- A inxustiza produce violencia ou a violencia produce inxustiza?
- Que é a violencia estrutural? Como se pode acabar con ela?
- Que diferenza hai entre ser xusto e ser xusticeiro?
- É máis importante previr a violencia ou castigala?
- É válido combater a violencia con violencia?
- Cando cres que a violencia é lexítima?

Interdependencia

- Como pararía un aumento da violencia?
- Os conflitos armados e as guerras noutros países aféctannos?
- Que efectos económicos, sociais e políticos pode ter unha guerra?
- Quen se beneficia das guerras?

Imaxes e percepcións

- Que imaxe temos da xente violenta?
- Que imaxe temos dos pacifistas?
- Cres que hai un "termo medio" de violencia axeitado?
- Como afectan os estereotipos sociais á xustificación da violencia?

Resolución de conflitos

- Que conflitos de intereses cres que provocan as escaladas de violencia?
- Que papel cres que teñen as emocións na resolución pacífica ou violenta de conflitos?
- En que se parecen e en que se diferencian as guerras dos conflitos da túa contorna?
- Dirías que parece máis sinxelo solucionar as guerras de lonxe ou os pequenos conflitos próximos?
- Cres que se poden chegar a acordos que beneficien a todos? Como o farías?

Cambio e futuro

- Que cres que cambia máis a historia: as guerras ou os descubrimentos científicos, a arte e o desenvolvemento humano?
- Como queredas que se escribise a historia do futuro: con guerras ou con avances científicos e culturais?
- Elimina unha guerra do pasado: Como sería o presente? Cres que sería peor?
- Elimina unha guerra do presente: Como esperas que sexa o futuro?
- Que futuros alternativos se che ocorren nun mundo sen violencia nin guerras?

#EndViolence

MIL MILLÓNS

de nenos e nenas sufriron violencia física, sexual ou psicolóxica en 2017.

O **homicidio** é unha das cinco principais causas de defunción entre os adolescentes



O **80%** das vítimas de homicidio son menores varóns



1 de cada 4 nenos e nenas sofre maltrato físicos



Case **1 de cada 5** nenas sofre abusos sexuais

OS CONFLITOS ESQUECIDOS E A PAZ NO ESQUECEMENTO



Ás veces, parece que **gran parte da historia do mundo é a historia das súas guerras**. Se pensamos nunha época determinada do pasado, lembramos os seus imperios, as súas batallas, as súas revolucións e os acordos e tratados que foron dando forma aos países que actualmente coñecemos. **As sociedades máis pacíficas ou as que participaron en menos conflitos bélicos son menos protagonistas da historia.**

E que pasa co presente? Malia que gran parte das noticias reflicten situacións de conflito político ou de distintas formas de violencia, non semella que haxa moitas noticias sobre guerras. Significa isto que podemos asumir que "a falta de noticias son boas noticias"? Desgraciadamente non: **no mundo actualmente desenvólvense guerras e conflitos armados dos que a maioría da xente non sabe nada**; non aparecen nas noticias nin aparecerán nos libros de historia. Reciben o nome de "conflitos esquecidos". Que estes conflitos sexan esquecidos polas noticias, non significa que o sexan polas organizacións humanitarias, por exemplo: **UNICEF desenvolve programas de emerxencia en todos os países actualmente afectados por conflitos armados.**

SAHEL

Varios países do Sahel atópanse afectados pola violencia do grupo terrorista Boko Haram. Só na zona do lago Chad hai xa máis de 2,5 millóns de persoas desprazadas ou refuxiadas pola violencia. UNICEF reforzou os seus programas en países como Níxer, Nixeria, Chad, Mali ou Burkina Faso para atender as necesidades dos millóns de nenos e nenas afectados por esta crise.



© UNICEF/Chad/2017/Bahaji

© UNICEF



REPÚBLICA CENTROAFRICANA

Tras varios anos de conflito, a violencia e o desprazamento de poboación na República Centroafricana está a deixar cicatrices emocionais e psicolóxicas na infancia do país que son difíciles de borrar. UNICEF, dentro dos seus programas de emerxencia traballa na creación de espazos seguros para nenos e adolescentes onde poidan superar os seus traumas.

SIRIA

UNICEF traballa pola infancia de Siria, tanto dentro do país, como na protección dos millóns de nenos e nenas que fuxiron do país e agora viven como refuxiados nos países veciños ou en Europa.




© UNICEF/UN045739/Al-Issa



© UNICEF/UN0188072/Fuad

IEMEN


Iemen leva en guerra desde 2015 e non obstante, apenas hai noticias sobre as orixes do conflito, o seu desenvolvemento e as súas consecuencias. Máis de 3 millóns de nenos e nenas naceron alí desde que empezaron as hostilidades e a educación de máis de 4,5 millóns de estudantes atópase en grave perigo. UNICEF está a traballar en todo o país para poder chegar á infancia axuda de emerxencia en saúde, nutrición, auga, hixiene e saneamento, protección e educación.



Cando comezou o século XXI varias guerras levaban anos arrasando as vidas de miles de persoas. Nas primeiras décadas deste milenio non melloraron as cousas e varios conflitos armados, insurxencias, guerrillas e crises diplomáticas están a arruinar as vidas de millóns de nenos e nenas, roubándolles os seus fogares, as súas familias, os seus dereitos e a súa infancia. Neste gráfico podes ver algúns dos conflitos máis e menos coñecidos do que levamos de século.

GOTAS PARA NÍXER

As carreiras de gotas levan desde o curso 2008-2009 unindo a todo tipo de centros educativos por un obxectivo común: facer realidade os dereitos da infancia en Níxer a través da auga. Moitas grazas a todos os que organizaron unha carreira e parabéns polos logros acadados!




Organiza unha carreira de Gotas para Níxer no teu centro educativo e axuda a UNICEF a seguir a desenvolver programas que permitan á infancia nixerina ver cumpridos os seus dereitos. Cada gota conta!

PON A TÚA GOTA!

Participa nas carreiras
2018-2019: solicita os dorsais
para o teu centro en

www.unicef.es/gal/educa/gotas-para-nixer



O dereito á educación

Mariama Mamane é un exemplo da diferenza que marca o acceso á educación. Esta enxeñeira nixerina de 27 anos está actualmente a investigar solucións para limpar o río Níxer, librándoo da praga que supón o xacinto de auga, á vez que consegue producir fertilizante natural e enerxía sostíbel. UNICEF desenvolve proxectos para eliminar a fenda de xénero que aínda existe na educación en Níxer, especialmente a partir da educación secundaria. O acceso á auga e o saneamento nas escolas é clave para logralo.

NOVA TEMPADA AS AVENTURAS DE FREDO FOX



Descubre na nova tempada das Aventuras de Fredo Fox todo o que se pode facer desde a aula polos dereitos doutros nenos e nenas. Fredo puido entrevistar a xente autenticamente experta en mediación, solidariedade, cooperación, dereitos da infancia, ou na Axenda 2030. E poucos teñen máis de 18 anos!

Estes vídeos están cheos de boas ideas que poden motivar aos teus alumnos e alumnas a avanzar en proxectos como a creación dunha aula solidaria, traballar os obxectivos de desenvolvemento sostíbel a través das emocións, ou a posta en marcha de equipos de mediación entre pares. Tamén atoparás ideas para docentes: ánimo a participar na lección máis longa do mundo?

**Podes ver tanto esta
coma as anteriores
tempadas das aventuras
de Fredo Fox en
unicef.es/educa/fredo-fox
Non as perdas!**



PUBLICACIÓNS DE EDUCACIÓN EN DEREITOS E CIDADANÍA GLOBAL



CADERNO DE PROTECCIÓN. Educar para a non-violencia só é realmente posible se fomos capaces de converter o noso centro educativo nunha verdadeira contorna protectora para a infancia. Esta guía ofrece claves fronte a catro problemas de protección que pode sufrir o noso alumnado: o bullying, o maltrato, o abuso sexual e os riscos on-line, e apostar pola prevención e a detección temperá. O caderno inclúe ademais orientacións para a elaboración de protocolos de actuación fronte a estas formas de violencia. www.unicef.es/educa/biblioteca/cuaderno-de-proteccion-infantil



CADERNO DE PARTICIPACIÓN. A participación de toda a comunidade escolar nas decisións, incluídos os estudantes, non só mellora a convivencia senón moitos outros aspectos clave do día a día do centro. Grazas ao compromiso do centro educativo coa participación, a escola convértese nunha pequena cidade democrática, que funciona eficaz e eficientemente e, que goza de cohesión social entre iguais e entre as diferentes xeracións que nela conviven.

www.unicef.es/educa/biblioteca/cuaderno-de-participacion-infantil



CADERNO DE INTEGRACIÓN CURRICULAR. Unha das responsabilidades derivadas da Convención sobre os Dereitos do Neno é facer que todos os nenos, nenas e adolescentes coñezan e comprendan os seus dereitos, para que poidan exercelos e defendelos. Este caderno ofrece guías e ideas para introducir os dereitos da infancia no currículo, non só como un contido puntual, senón como unha forma de aprender e desenvolver o máximo potencial do noso alumnado.

www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/guia-integracion-curricular-educacion-dereitos-infancia



GUÍA DE AUTOAVALIACIÓN DE EDUCACIÓN EN DEREITOS. Esta guía permite aos centros educativos poñer en marcha un proceso de autoavaliación e diagnóstico inicial en grupo sobre algúns aspectos clave da implementación dos dereitos da infancia no ámbito escolar. O obxectivo da autoavaliación é facer un exercicio de reflexión sobre as políticas e as prácticas que se levan a cabo na escola ou no instituto que sirva como base para un proxecto integral de educación en dereitos.

www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/guia-autoavaliacion-educacion-dereitos-infancia

O teu centro ten un proxecto de educación en dereitos e gustaríache que puidese obter o recoñecemento de UNICEF? Coñece os centros que xa o obtiveron e infórmate sobre como presentar a candidatura do teu centro á convocatoria do vindeiro curso en www.unicef.es/educa/centros-referentes



CREC: CRECE, RESPONSABILÍZATE E CREA. Este manual de Educación en Dereitos resume algunhas claves para poñer en marcha un plan de promoción de dereitos da infancia no centro escolar. O obxectivo xeral do programa é impulsar que os estudantes de segundo ciclo de Educación Primaria e de Educación Secundaria poidan recoñecer os dereitos da infancia como propios e promover os seus dereitos como axentes activos da súa comunidade.

www.unicef.es/educa/biblioteca/crec-programa-promocion-derechos-infancia

O ABUSO SEXUAL INFANTIL QUEDA FÓRA DE XOGO

O abuso sexual infantil é un problema moi grave que afecta a nenos, nenas e adolescentes de todas as idades. É responsabilidade de todos os adultos previlo tamén desde o ámbito do deporte. Esta campaña quere proporcionar ferramentas para facer unha prevención e unha detección eficaces cos nenos, nenas e adolescentes con quen se traballa no deporte. É unha das vulneracións dos dereitos máis graves que poden suceder. Ese abuso pon en evidencia que a contorna que debería ter sido protectora fallou, e por iso é tan importante unha actuación eficaz para previlo ou detectalo canto antes.

"O abuso infantil queda fóra de xogo" consta de 5 guías para diferentes audiencias co mesmo obxectivo común: detectar e previr o abuso no deporte a través da sensibilización, e a formación e información a educadores, monitores e persoal dedicado á xestión de instalacións deportivas (e a través deles aos nenos e nenas). UNICEF colaborou na elaboración destas guías, que forman parte da campaña "O abuso sexual infantil queda fóra de xogo" do Consejo Superior de Deportes.

<https://www.unicef.es/educa/biblioteca/abuso-sexual-infantil-fuera-de-juego>





COÑECES O CONSELLO DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DO TEU MUNICIPIO?

Cada vez hai máis municipios que contan cun consello de participación infantil e/ou adolescente que fala alto e claro sobre os temas que afectan aos nenos, nenas e adolescentes da localidade. Estes consellos de participación son espazos protagonizados por nenos e nenas, onde se reúnen regularmente para tratar os temas que lles preocupan e propoñer solucións para mellorar a súa contorna.

Descubre se o teu municipio conta cun e se algún estudante do centro educativo está a participar ou lle gustaría participar nel. Animámosvos a establecer un vínculo entre o

centro e o órgano de participación do voso municipio! Ademais, todos os contidos propostos na guía e as súas actividades poden traballarse nas sesións co consello de infancia, para que as propostas e resultados das actividades se poidan compartir co concello e, co tempo, descubrir algo moi importante: poder ver o percorrido das propostas que propoñen os rapaces e as rapazas e o seu posible impacto dentro das políticas municipais. A opinión dos nenos e das nenas é fundamental para construír unha cidadanía activa! Animámosvos a participar no consello do voso municipio! www.ciudadesamigas.org



OS MUNICIPIOS ANTE A VIOLENCIA ENTRE NENOS, NENAS E ADOLESCENTES

Esta guía ten o obxectivo de visibilizar a violencia entre os nenos, nenas e adolescentes como un problema social da comunidade que non se limita só ao ámbito escolar e ás familias afectadas. Só cunha intervención coordinada dos axentes sociais, desde o traballo en rede, pódese actuar ante a violencia entre nenos, nenas e adolescentes en todas as súas formas e ámbitos.

ciudadesamigas.org/documento/los-municipios-ante-la-violencia-ninos-ninas-adolescentes/

Edición

UNICEF Comité Español
www.unicef.es/educa

Deseño gráfico

Rex Media SL

ISBN: 978-84-948540-2-6

Os materiais educativos, recursos e actividades sobre dereitos de infancia, desenvolvemento sostíbel e cidadanía global forman parte do traballo en Educación en Dereitos e Cidadanía Global de UNICEF Comité Español. Os feitos e opinións amosados neles non representan necesariamente o punto de vista de UNICEF.

Os mapas utilizados están estilizados e non están feitos a escala. Non reflicten a posición de UNICEF sobre a situación legal de ningunha zona ou país, nin sobre a delimitación de fronteiras.

Este material foi producido no marco do convenio coa Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID): "Promover o compromiso social co desenvolvemento e os dereitos da infancia desde o sistema educativo español". O contido desta publicación non reflicte necesariamente a opinión da AECID.

FOTO DE PORTADA: Lera, de 10 anos, mira a cámara desde o seu pupitre nunha escola de Marinka, Ucraia. A guerra afectou gravemente ás súas aulas, que a miúdo se ven interrompidas por bombardeos e longas visitas ao búnker que o centro educativo habilitou no soto. Tamén afectou ao seu dereito ao xogo: "non podemos xogar no patio desde que un neno recibiu un disparo no brazo durante o recreo". A violencia, nas súas diferentes manifestacións, limita os dereitos da infancia e dificulta o seu desenvolvemento e mingua o seu potencial.

UNICEF traballa nos lugares máis duros do mundo para chegar aos nenos, nenas e adolescentes máis desfavorecidos e para protexer os dereitos de toda a infancia, en todas partes. Presentes en 190 países e territorios, facemos o que sexa necesario para axudar aos nenos a sobrevivir, prosperar e desenvolver o seu potencial, desde a primeira infancia ata a adolescencia. E nunca nos rendemos. O traballo de UNICEF finánciase integramente a través das contribucións voluntarias de millóns de persoas en todo o mundo e dos nosos aliados en gobernos, a sociedade civil e o sector privado.

As ilustracións das páxinas 10 e 11 realizáronse a partir de orixinais dispoñibles en Freepik, Smashicon, Pixel Perfect e Turkkub e imaxes de dominio público e de UNICEF (© UNICEF/UN033525/Masri).



CONCURSO:

unicef 

BANDA DESEÑADA DE

SUPERHEROES
NA ESCOLA

1 DE SETEMBRO - 21 DE OUTUBRO

Infórmate: unicef.es/gal/educa/blog/concurso-superheroes-na-escola

unicef.es/educa



FINANCIA:



COLABORA:

